



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Atención á diversidade na educación física	Código	652603312	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónEducación Física e Deportiva			
Coordinación	Arufe Giraldez, Victor	Correo electrónico	v.arufe@udc.es	
Profesorado	Arufe Giraldez, Victor	Correo electrónico	v.arufe@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=educacion-fisica			
Descrición xeral	A materia ?Atención á diversidade na educación física? forma parte dos estudos do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria no itinerario de Educación Física. Trátase dunha materia obrigatoria de 4 créditos, o que representa 100 horas de traballo do estudiantado. Esta materia facilitará ao alumnado o coñecemento de diferentes conceptos relacionados coa diversidade nas aulas así como as claves para desenvolver proxectos inclusivos na educación física. Así mesmo analizaranse os diferentes retos que se presentan para alcanzar a plena inclusión na materia de educación física en educación secundaria.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Mostrar unha actitude reflexiva ante a diversidade nas aulas e en concreto na educación física.	AP1 AP2 AP8 AP10 AP11 AP14 AP18 AP22 AP26 AP27 AP30		CM1 CM7
Comprender a evolución do marco educativo legal que apoia a inclusión do alumnado na aula de educación física.	AP2 AP4 AP10 AP17		CM6
Coñecer as principais situacións de diversidade na educación física en educación secundaria e ser capaz de identificar as necesidades especiais que requiren.	AP1 AP4		CM1 CM3 CM4 CM6 CM7



<p>Coñecer os recursos dispoñibles e ser capaz de elaborar pautas de intervención para atender á diversidade en educación física e facilitar a plena inclusión do alumnado.</p>	<p>AP1 AP4 AP10 AP14 AP18 AP19 AP20 AP21 AP22 AP24 AP25 AP27 AP28 AP30 AP34 AP37</p>		<p>CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8</p>
<p>Ser capaz de elaborar propostas de intervención dende unha perspectiva inclusiva na materia de educación física (perspectiva de xénero, multiculturalidade, diversidade funcional, etc.).</p>	<p>AP4 AP10 AP14 AP18 AP20 AP21 AP24 AP25 AP27 AP28</p>		<p>CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM7 CM8</p>
<p>Coñecer, aplicar e promover os principios éticos e deontolóxicos que deben rexer a actividade docente, especialmente na atención á diversidade.</p>	<p>AP8 AP10 AP14 AP15</p>		<p>CM1 CM4 CM6</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Conceptos xerais sobre atención á diversidade.	.
Tema 2. Proxectos inclusivos de atención á diversidade dende a área de educación física.	.
Tema 3. Retos e perspectivas da atención á diversidade na área de educación física.	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	<p>A1 A2 A4 A8 A10 A11 A14 A15 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7</p>	6	13	19



Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A17 A18 A19 A20 A21 A24 A25 A27 A28 A30 A34 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	9	19	28
Proba de resposta breve	A1 A2 A8 A10 A11 A14 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7	15	16	31
Sesión maxistral	A1 A4 A8 A10 A11 A14 A15 A18 A21 A22 A25 A26 A27 C1 C3 C4 C6 C7	4	8	12
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os estudantes farán unha procura de documentos bibliográficos actualizados (libros, artigos, textos legislativos, referencias web, etc) que dalgún modo estean vinculados cos contidos específicos da materia. Posteriormente, procederase á súa análise e discusión.
Traballos tutelados	Presentarase caso simulado dunha persoa ou colectivo con necesidades de diversificación e, a partir de aí, o estudante terá que ser capaz de planificar un deseño completo de actuación en educación física, considerando todos aqueles factores que inflúen na devandita programación.
Proba de resposta breve	Con este tipo de metodoloxía, os estudantes reuniranse en grupos discutindo de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, proposto polo profesorado ou por eles mesmos, que poida resultar relevante para a materia. Aproveitarase a ocasión para constrastrar diferentes puntos de vista. O profesorado actuará como moderador.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais reservaranse para facer intervencións puntuais por parte do docente, de forma oral e con apoio audiovisual, co fin de ampliar coñecementos específicos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba de resposta breve	A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, tendo o alumnado a posibilidade de seleccionar cales deles quere empregar, en función das súas necesidades e posibilidades de comunicación: titorías en directo a través da área de traballo Teams da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Moodle.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A17 A18 A19 A20 A21 A24 A25 A27 A28 A30 A34 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente inclusiva na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O traballo realizarase preferentemente de forma grupal.  O profesorado especificará con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	60



Proba de resposta breve	A1 A2 A8 A10 A11 A14 A18 A22 A26 A27 C1 C3 C4 C7	Ao longo do curso iranse expondo aos alumnos diversas probas ou traballos breves de aula para comprobar o seguimento dos contidos da materia. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas durante o curso.	40
-------------------------	--	---	----

### Observacións avaliación

Primeira oportunidade: Para acceder á avaliación descrita anteriormente, será obrigatoria a participación no 80% das horas presenciais da materia. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que fagan media entre eles.

Segunda oportunidade: Ao alumnado que participou nun 80% das horas presenciais na primeira oportunidade, conservaráselle as cualificacións que alcanzasen a puntuación mínima sinalada polo profesorado. Terá que repetir as partes da avaliación nas que non alcanzase ese mínimo.

O alumnado que non participe no 80% das horas presenciais da materia (xa sexan alumnado a tempo parcial, con dispensa académica de exención de asistencia ou por outros motivos), ten á súa disposición un modelo de avaliación alternativo, que será o mesmo para ambas oportunidades: traballo tutelado (100%) ou exame (100%), entregado na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e no que se deberá demostrar o dominio dos contidos da materia.

En ambas oportunidades a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Esta bibliografía é orientativa e poderá ser ampliada polo profesorado ao comezo da materia. Asociación Española de Deporte y Actividad Física Adaptada. Disponible en <a href="http://www.dafaweb.es">http://www.dafaweb.es</a> Bobo-Arce, M. y Morales Caneiro, R (2013) Estrategias coeducativas en el aula formal de educación física. Una experiencia práctica . A Coruña: Universidade 2114 Botelho-Gomes, P. (2012) Igualdade de género na educação física. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 61-77. URI: <a href="http://hdl.handle.net/2183/9084">http://hdl.handle.net/2183/9084</a> Código deontológico, disponible en la web <a href="http://www.consejo-colef.es-codigo-deontologico.html">http://www.consejo-colef.es-codigo-deontologico.html</a>, recuperado el 19 de Enero de 2010. Fernández García, E. et al. (2010) Guía PAFIC, para la Promoción de la Actividad Física en Chicas. Anel Gráfica y Editorial S.L. Granada. Guede García, F. J. (2012) Estratexias de coeducación na aula de Educación Física. Unha experiencia práctica. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 149-154. URI: <a href="http://hdl.handle.net/2183/9085">http://hdl.handle.net/2183/9085</a> Heinemann, K. (2006) Ética de la responsabilidad en las organizaciones deportivas. Revista Internacional de Sociología. Vol. LXIV, nº 44, 153-176. Hernández, F.J. (2012). Inclusión en educación física. Barcelona. Inde. Iglesias Galdo, A. (2012) Un reto de extraordinaria actualidad: educar para a igualdade.. I e II ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte. A Coruña: Universidade, 2012, p. 105-116. Disponible en <a href="http://hdl.handle.net/2183/9082">http://hdl.handle.net/2183/9082</a> LLeixa, TFlecha, R.; Puigvert, L.; Contreras, O ; Torralba, M.A y Bantulá, J. (2002) Multiculturalismo y Educación Física. Barcelona: Paidotribo Marchi Júnior, W. y Padeski Ferreira, A.L. (2009) Formação acadêmica e intervenção profissional nos Esportes: repensando a Educação Física. Revista Motriz, Rio Claro, v.15, nº 1, 162-172. Mendoza Laiz, N. (2009). Propuestas prácticas de educación física inclusiva para la etapa de secundaria. Barcelona. Inde. Moreno, J. A.; Sicilia, A.; Martínez, C.; Alonso, N. (2008). Coeducación y climas de aprendizaje en educación física. Aportaciones desde la teoría de Metas de Logro. Revista Internacional de Ciencias del Deporte, 11(4), 42-64. Disponible en <a href="http://www.cafyd.com/REVISTA/01104.pdf">http://www.cafyd.com/REVISTA/01104.pdf</a> Pérez Brunicardi, D; López Pastor, V.M. y Iglesias Sanz, P. (2004). La atención a la diversidad en educación física. Sevilla. Wanceulen. Pérez Brunicardi, D; López Pastor, V.M. y Iglesias Sanz, P. (2004). La atención a la diversidad en educación física. Sevilla. Wanceulen. Ríos, M; Ruiz, P. y Carol, N. (Coords.)(2014). La inclusión en la actividad física y deportiva. Madrid. Comité Paralímpico Español. Roca, M; Alvariñas, M.; Fernández Villarino, M.A.; Toja, B.; Pillado, N. Mirás, A. y Rodríguez, P. (2008) ¡Todos para uno y uno para todos! Cuadernos de Pedagogía, 376, 32-35. The National Center on Physical Activity and Disability. Disponible en <a href="http://www.ncpad.org/index.php">http://www.ncpad.org/index.php</a> Vázquez, B y Álvarez, G. (coord.) (1990) Guía para una Educación Física no sexista. MEC. Madrid World Health Organization. International Classification of Functioning, Disability and Health (ICF). Disponible en <a href="http://www.who.int/classifications/icf/en/">http://www.who.int/classifications/icf/en/</a></p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

O deporte na idade escolar/652603322

Educación física e educación en valores/652603323

**Materias que continúan o temario**

Traballo fin de Mestrado/652603307

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías